

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE NOVIEMBRE DE 2019**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	11
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. ....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019. ....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual novembro 2019 .....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en novembro de 2019. ....	20
6.4.	Evolución da precipitación en novembro de 2019 .....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual .....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal. ....	28
9	RAIOS .....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 11/12/2019**



**Mes moi húmido e con temperaturas medias normais.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro quedou caracterizado pola sucesión ininterrompida de borrascas e que en moitos lugares da Comunidade deixaron chuvia tódolos días do mes. Isto fai que poidamos cualificar en xeral o mes como húmido en xeral, sendo moi húmido en zonas do terzo norte.

En canto á temperatura, o mes foi cálido, xa que a cuberta de nubes e os ventos do suroeste predominantes na segunda metade do mes achegaron masas de aire relativamente mornas a Galicia.

Así, o día 1 comezaba con temperaturas elevadas, ventos do sur e chuvias, máis persistentes na metade oeste. O día 2 a situación foi empeorando co achegamento da primeira borrasca con nome da tempada “Amelie” que nas últimas horas do día 2 e na madrugada e primeiras horas do 3 deixaba fortes ventos e chuvias xeneralizadas.

Na tarde do día 3 e nas xornadas do 4, 5 e 6 os chuvascos intermitentes, os ventos entre moderados e fortes do oeste e a baixada das temperaturas foron as características predominantes. Esta situación aínda se viu máis agravada o día 7 coa entrada de aire frío en altura e a presenza de sarabia en moitos puntos da Comunidade e unha cota de neve no entorno dos 1000 metros.

Os días 8, 9 e 10 continuaron caracterizados polo paso de borrascas, de forma que as chuvias continuaron, mentres que as temperaturas oscilaban en función da dirección dos ventos. A xornada do 11 foi bastante tranquila, cunha débil cuña anticiclónica que non foi quen de impedir completamente a presenza de precipitacións, pero si deixou puntos de Galicia sen chuvia. Sen embargo, esa relativa melloría non tivo continuidade, xa que as xornadas do 12 e o 13 estiveron de novo caracterizadas polas baixas presións.

O día 14 unha borrasca moi fría situouse ao norte da península Ibérica e xunto co anticiclón que se mantivo nos Azores ocasionou un día de forte temporal, con chuvascos intensos, neve moi abundante nas zonas de montaña e aviso vermello por ondas no litoral.

O día 15 a borrasca foise movendo cara ao leste, deixando aínda chuvascos, pero non tan intensos nin tan frecuentes como os da xornada anterior.



A situación continuou mellorando o día 16, pero ao final desa xornada una nova borrasca truncaba esa melloría, deixando chuvia ao final dese día e na xornada do 17.

O 18 tivemos un día semellante ao 11, cunha relativa melloría, sen chegar a ser seco en toda a Comunidade, pero xa o 19 chegaba outra borrasca, con moita chuvia, arrastrando inestabilidade e chuvascos para os días 20 e 21.

O 22 unha nova borrasca con nome “Cecilia” achegábase a Galicia, deixando fortes ventos e chuvias intensas en toda a Comunidade. As xornadas do 23 e 24 foron de relativa melloría, aínda que o 24 pola tarde chegaba outra borrasca, con chuvias por toda Galicia na tarde-noite desa xornada.

O día 25 foi tranquilo, con ventos do suroeste, temperaturas suaves e algunhas chuvias febles, pero o día 26 o achegamento dos restos da tormenta tropical “Sebastien” deixaba un novo día de temporal, con avisos laranxa por vento en moitos lugares e avisos tamén por acumulación de chuvia.

O 27 foi de transición, con tempo cambiante e chuvascos intermitentes, para recibir a visita dunha nova borrasca o 28, con pouco vento, pero moita chuvia debido á presenza dun río atmosférico cargado de humidade.


O penúltimo día do mes unha pequena cuña anticiclónica protexíanos das borrascas, pero na tarde-noite dese día chegaba inestabilidade desde o sur, e o último día do mes as chuvias foron de novo xeneralizadas.

Salientar finalmente que ao longo deste mes soamente tivemos 5 días sen ningún tipo de aviso meteorolóxico.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**


No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía negativa situada ao norte da Península, afectando intensamente á nosa Comunidade. Isto reflectiuse na chegada continuada de baixas presións dende o Atlántico, algunhas de gran intensidade, o que propiciou chuvias abundantes e continuadas durante todo o mes.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.



**Figura 1:** Anomalías de presión en superficie. Novembro-2019.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.



**Figura 2:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Novembro-2019.



#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	NOVEMBRO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.3/12.9	13.2	15.7 (2015)	10.8 (1966)
Tª mínima media	11.2/10.8	10.5	13.2 (2015)	7.9 (1956)
Tª mínima absoluta	8.3/8.0 (día 19/14)	2.6 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	16.4/16.5 (día 1)	19.1 (06/11/2015)		
Tª máxima media	15.4/15	15.9	19.7 (1947)	13.1 (1966)
Tª máxima absoluta	21.2/20.9 (día 1)	25.0 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	11.9/11.5 (día 15)	8.4 (29/11/1969)		
Precipitación acumulada	214	116-149	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	30	14	<b>30 (2019)</b>	1 (1981)

*Comentario:* Mes con temperaturas mínimas lixeiramente cálidas e máximas máis frías do normal. A temperatura media mantense dentro dos límites normais.

Respecto á chuvia, o mes considérase moi húmido, superando o número de días de chuvia que rexistraba a serie ate o de agora (28 días en 1935).

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

## SANTIAGO

	NOVEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.3	11.5	14.5 (1983)	9.8 (2010)
Tª mínima media	7.9	7.8	11.0 (1983)	6.0 (2010)
Tª mínima absoluta	3.4 (día 16)	-3.0 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	14.9 (día 1)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	12.8	15.1	17.9 (1983)	<b>12.8 (2019)</b>
Tª máxima absoluta	17.6 (día 1)	24.7 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	8.9 (día 15)	5.5 (26/11/1985)		
Precipitación acumulada	412	172-251	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	29	16	<b>29 (2019)</b>	3 (2001)

*Comentario:* Mes moi frío para a temperatura media. Pese a que as mínimas foron lixeiramente cálidas, as máximas foron extremadamente frías, rexistrándose o valor medio mínimo de toda a serie (o anterior mínimo: 13.5°C en 2010).

En canto ás precipitacións, foi moi húmido, superando o número de días de chuvia rexistrados ata agora (o máximo anterior: 26 días no ano 2000).

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019





## LUGO

	NOVEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.4	9.2	11.8 (1992)	7.5 (2001)
Tª mínima media	6.3	5.2	8.7 (1992)	2.2 (2007)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 19)	-6.4 (17/11/2007)		
Tª mínima máis alta	15.2 (día 1)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	12.5	13.1	16.4 (2015)	11.3 (2008)
Tª máxima absoluta	19.4 (día 1)	23.2 (08/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	7.9 (día 13)	4.0 (29/11/2008)		
Precipitación acumulada	305	96-118	<b>305 (2019)</b>	2 (1981)
Días de chuva (≥1mm)	29	12	<b>29 (2019)</b>	1 (1981)

**Comentario:** : Mes con temperaturas medias normais. As mínimas foron cálidas e as máximas lixeiramente máis frías do esperado.

Destaca a chuva rexistrada, xa que acadou o máximo de toda a serie (a máximo anterior: 288 mm no ano 2000). Queda así o mes como extremadamente húmido, baténdose tamén o récord nos días de chuva (o valor precedente, 26 días no ano 2000).

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.9	12.2	14.8 (2006)	9.9 (1966)
Tª mínima media	9.0	7.7	10.6 (2006)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	3.0 (día 16)	-1.5 (30/11/1963)		
Tª mínima máis alta	17.8 (día 1)	17.8 (02/11/2002) 17.8 (01/11/2019)		
Tª máxima media	14.8	16.7	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	19.4 (día 1)	26.3 (02/11/1987)		
Tª máxima máis baixa	10.4 (día 20)	7.4 (30/11/2008)		
Precipitación acumulada	384	164-269	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuva (≥1mm)	26	14	<b>26 (2019)</b>	0 (2001)

**Comentario:** Mes con temperaturas medias normais en máximas moi frías. As mínimas estiveron por riba do normal, igualando a mínima máis alta rexistrada na serie climática.

A chuva foi superior ao valor climático, polo que o mes resultou ser moi húmido, rexistrando o máximo días de chuva de toda a serie (o máximo anterior: 25 días en 2009).

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019

**OURENSE**

	NOVEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.4	11.1	13.9 (1983)	9.1 (2001)
Tª mínima media	8.0	6.3	9.5 (1983)	1.6 (2007)
Tª mínima absoluta	2.2 (día 16)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª mínima máis alta	16.7 (día 1)	17.8 (07/11/1985)		
Tª máxima media	14.9	15.9	18.2 (2006)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	21.5 (día 1)	26.1 (07/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	9.6 (día 10)	3.8 (29/11/1990)		
Precipitación acumulada	149	76-113	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	24	11	24 (1997,2019)	0 (1981)

*Comentario: Mes normal para as temperaturas medias e cálido para as mínimas. Para as temperaturas máximas considérase moi frío.*

*En canto á precipitación, resultou ser un mes moi húmido, igualando o valor máximo de días de choiva da serie.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2019. Temperatura: 1972-2019




## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron en xeral no rango de valores normais para un mes de novembro, se ben as temperaturas máximas foron baixas mestres que as mínimas estiveron por riba dos valores agardados.

Os ventos do suroeste mantiveron uns valores bastante suaves nas temperaturas nocturnas, pero o predominio de días con ceos cubertos e chuvias fixeron que as temperaturas durante o día acadaran, en media, valores por debaixo dos valores normais.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



Tmáx - 11/2019

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)


**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2019.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 11.5 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente en zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense. Os valores mínimos achegáronse aos 0°C, sendo o mes frío respecto ás temperaturas máximas. Por outra banda, os valores máis altos déronse principalmente nas zonas costeiras do territorio galego, con valores próximos aos 16 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de novembro para o territorio galego foi de 6.2 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados en áreas da comarca da Limia e nas zonas máis altas de Lugo e Ourense, onde se acadaron valores ao redor de -2°C. Os valores máis altos déronse principalmente en zonas do litoral, con valores entre 11°C e 12 °C.



Tmín - 11/2019

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2019.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de novembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de  $-0.4^{\circ}\text{C}$ , é dicir, temperaturas medias lixeiramente máis baixas dos valores esperados para este mes.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de novembro respecto ao período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de A Coruña, pero non foron demasiado grandes. En contraste podemos ver (Táboa 2) que en xeral as anomalías frías foron moito maiores e se repartiron por toda a Comunidade.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carral	A Coruña	1.3
Cambre	A Coruña	1.2
Cariño	A Coruña	0.9
Culleredo	A Coruña	0.8
Abegondo	A Coruña	0.7
Bergondo	A Coruña	0.7
Betanzos	A Coruña	0.7
Bóveda	Lugo	0.7
Monterrei	Ourense	0.6
Verín	Ourense	0.5

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de novembro de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verea	Ourense	-1.7
Padrón	A Coruña	-1.5
Fornelos de Montes	Pontevedra	-1.5
Porto do Son	A Coruña	-1.5
Vilariño de Conso	Ourense	-1.4
Lama (A)	Pontevedra	-1.4
Muíños	Ourense	-1.3
Pontecesures	Pontevedra	-1.3
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.3
Cervantes	Lugo	-1.3

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de novembro de 2019.

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de novembro de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Como pode comprobarse destaca o día 1 como o máis caloroso do mes, rexistrando os valores máis altos de temperatura nas estacións situadas tanto por debaixo como por enriba dos 1000 m.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/11/2019	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	23.7
01/11/2019	Ribadeo - Vilaframil	RIBADEO	Lugo	23.5
01/11/2019	Burela - Instituto	BURELA	Lugo	23.4
01/11/2019	Foz	FOZ	Lugo	23.4
01/11/2019	Santa Cruz	O VALADOURO	Lugo	23.2
01/11/2019	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	22.9
01/11/2019	Aguas de Cabreiroá	VERÍN	Ourense	22.2
01/11/2019	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	22.2
01/11/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	22.1
01/11/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	22.0

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/11/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	15.2
01/11/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	15.1
01/11/2019	Cervantes - Bazal	CERVANTES	Lugo	14.9
01/11/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	14.7
01/11/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	14.6
01/11/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	14.4
01/11/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	14.0
01/11/2019	Becerreá - Penamaior	BECERREÁ	Lugo	13.6
01/11/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	12.5
01/11/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	12.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2019 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Acadáronse valores negativos en



ambos casos, salientando a xornada do 15 no caso das estacións de maior altitude e a do 19 no caso das estacións por debaixo dos 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/11/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	-5.1
15/11/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-4.8
15/11/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.45
15/11/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.75
15/11/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	-2.76
15/11/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.69
16/11/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	-2.61
15/11/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.49
19/11/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.92
15/11/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	-1.62

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2019 altitude superior a 1000m.


Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/11/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.71
19/11/2019	Xinzo de Limia	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2.3
19/11/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-1.91
19/11/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-1.76
18/11/2019	Chandrexa de Queixa	CHANDREXA DE QUEIXA	Ourense	-1.2
19/11/2019	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-1.09
19/11/2019	Aguas de Cabreiroá	VERÍN	Ourense	-1
15/11/2019	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	-0.95
14/11/2019	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	-0.94
19/11/2019	Pobra de Trives - San Mamede	A POBRA DE TRIVES	Ourense	-0.8

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2019 altitude inferior a 1000m.




#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 10.5 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para novembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de  $-0.32^{\circ}\text{C}$ , o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. As temperaturas mínimas foron máis cálidas do esperado, cunha anomalía de  $+0.98^{\circ}\text{C}$ , mentres que as máximas, cunha anomalía de  $-1.61^{\circ}\text{C}$ , foron en xeral moi frías.



**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ó período 1981-2010.




## 6 PRECIPITACIÓN

Tanto o número de días de precipitación, que nalgúns lugares acadou os 30 días do mes, como as cantidades de chuvia acumulada, estiveron moi por riba do valor climático.

O valor medio para Galicia, segundo os valores do mapa, foi 405 L/m<sup>2</sup>, máis do dobre do valor climático.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual novembro 2019




Chuvia/lluvia - 11/2019

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2019.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 130 % superior ao período de referencia 1981-2010. As precipitacións duplicaron en termo medio os valores climáticos. As maiores diferenzas déronse na provincia de Lugo, onde se chegaron a rexistrar precipitacións de máis do triplo do agardado.




**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de novembro de 2019.



### 6.3. Días de chuvia en novembro de 2019.

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 27.4. En puntos do Norte da provincia de A Coruña choveu os 30 días do mes, mentres que o mínimo rexistrouse principalmente en Ourense. Pese a isto en toda a comunidade choveu máis de 20 días no mes de novembro.



**Figura 10:** Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de novembro de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de novembro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes chegaron a superar os 600 L/m<sup>2</sup> en moitas localidades. Os valores acumulados máis importantes rexistráronse os días 12 e 21 do mes maioritariamente.

Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	732
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	706
Castrove	POIO	Pontevedra	674
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	670
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	660
Muralla	LOUSAME	A Coruña	627
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	613
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	610
Labrada	ABADÍN	Lugo	604
A Capela	A CAPELA	A Coruña	592

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Rebordelo	Pontevedra	COTOBADÉ	95.6	12/11/2019 03:20
Castrove	Pontevedra	POIO	92.4	12/11/2019 06:10
Fontecada	A Coruña	SANTA COMBA	87.4	21/11/2019 23:50
Muralla	A Coruña	LOUSAME	87.1	21/11/2019 22:50
Fornelos de Montes	Pontevedra	FORNELOS DE MONTES	85.7	12/11/2019 03:50
Coto Muiño	A Coruña	ZAS	80.6	21/11/2019 23:30
Serra do Eixe	Ourense	VEIGA (A)	79.1	12/11/2019 03:20
Serra da Faladoira	A Coruña	ORTIGUEIRA	77.5	22/11/2019 01:50
Alto do Poio	Lugo	PEDRAFITA DO CEBREIRO	77.5	12/11/2019 06:40
Costa	A Coruña	ROIS	77.5	21/11/2019 23:40

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2019.

## 6.4. Evolución da precipitación en novembro de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 346 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para novembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 104 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, tendo en conta a totalidade da Comunidade. Estes valores de anomalía non se acadaban dende o ano 2000 e o valor de este ano queda entre os catro máis altos da serie.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1981-2010.











## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Como se pode observar na Táboa 9 novembro rexistrou refachos moi fortes de vento en varios días do mes, chegando incluso a ser furacanados en algúns casos puntuais.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
02/11/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	160.1
26/11/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	140.8
02/11/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	128.1
03/11/2019	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	127.9
03/11/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	126.6
26/11/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	124.6
14/11/2019	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	124.2
14/11/2019	Lira	CARNOTA	A Coruña	123.1
26/11/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	116.9
26/11/2019	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	116.0
22/11/2019	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	114.6
14/11/2019	Muralla	LOUSAME	A Coruña	114.2
03/11/2019	Cariño	CARIÑO	A Coruña	113.7
02/11/2019	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	112.8
14/11/2019	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	112.2
22/11/2019	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	111.3
02/11/2019	Burela	BURELA	Lugo	111.2
26/11/2019	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	109.4
14/11/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	108.9
14/11/2019	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	108.3
03/11/2019	Amiudal	AVIÓN	Ourense	108.2
22/11/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	105.6
14/11/2019	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	105.4
26/11/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	104.9
14/11/2019	Ons	BUEU	Pontevedra	104.2
03/11/2019	Fragavella	ABADÍN	Lugo	103.7
26/11/2019	Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	102.2
14/11/2019	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	101.7
22/11/2019	Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	101.5

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de novembro.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refach o máxim o (km/h)	Compoñent e dominante	% calma s	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	123.1	N	15	 <p>Calmas: 15% INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (19135) # 01/11/2019 a 01/12/2019 0001</p>	 <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (19135) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 14				
Pta. Candieira	Cedeira	128.2	O	2	 <p>Calmas: 2% INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10092) # 01/11/2019 a 01/12/2019 0001</p>	 <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10092) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 2				
Malpica	Malpica	124.2	O	1	 <p>Calmas: 1% INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10093) # 01/11/2019 a 01/12/2019 0001</p>	 <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10093) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 14				
Marco da Curra	Monfero	96.5	SO	2	 <p>Calmas: 2% INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (15046) # 01/11/2019 a 01/12/2019 0001</p>	 <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (15046) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 26				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de novembro de 2019 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	160.2	S	1	<p>INTENSIDADES PONDEADASAS COA DIRECCIÓN Penedo do Galo (10104) # 11/2019</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Penedo do Galo (10104) # 11/2019</p>
		Día 2				
Ancares	Cervantes	104.8	SO	2	<p>INTENSIDADES PONDEADASAS COA DIRECCIÓN Ancares (10062) # 01/11/2019 a 01/12/2019(10001)</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (10062) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 26				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de novembro de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	105.5	O	7	<p>INTENSIDADES PONDEADASAS COA DIRECCIÓN Xurés (10119) # 01/11/2019 a 01/12/2019(10001)</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Xurés (10119) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 22				
Rodicio	Maceda	88.9	SO	5	<p>INTENSIDADES PONDEADASAS COA DIRECCIÓN Alto do Rodicio (10057) # 01/11/2019 a 01/12/2019(10001)</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Alto do Rodicio (10057) # 01/11/2019 a 01/12/2019</p>
		Día 26				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	71.6	NO	20		
		Día 26				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de novembro de 2019 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	92.9	S	3		
		Día 26				
Ons	Bueu	104.0	NO	14		
		Día 14				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de novembro de 2019 na provincia de Pontevedra.



## 8 RADIACIÓN SOLAR


### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de novembro de 2019.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de novembro 732 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse principalmente os días 7 e 14 do mes (figura 15).

nº de raios rexistrados en novembro de 2019




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en novembro de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, na provincia de A Coruña caeron máis da metade dos raios totais do mes, mentres que Ourense tivo o rexistro máis baixo con só 15 raios detectados.

nº de raios detectados en novembro de 2019 por provincias





Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en novembro de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en novembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar como, despois de novembro de 2014 no que chegaron a caer 5630 raios, este é o ano no que máis raios se rexistraron da última década.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en novembro dende 2010 a 2019.

**MeteoGalicia**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**  
**Xunta de Galicia**





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>A Coruña</b>																											
A Gándara	9.4	11.7	16.6	1	7.4	3.7	14	452	55.1	12	428	91	98	79	17	48	398	28	108	14	963	30	0				
Aldea Nova	10.3	12.68	17.4	1	8.3	4.8	14	404	47.6	12	347	92	99	78	12	36	343	12	81	2	978	30	0				
Arzúa	9.1	12.14	16.9	1	6.4	0.9	19	468	42.0	22	423	97	100	84	16	48	416	8	66	22	968	30	0				
Camariñas	13.4	14.99	19.0	1	11.0	6.2	19	183	24.9	22	130	83	96	68	23	66	494	22	95	22	1011	28	0				
Cariño	13.3	15.1	20.8	1	11.0	7.7	19	351	41.8	22	296	78	92	66	17	49	435	23	113	3	1009	30	0				
Cespón	11.6	14.93	19.4	1	8.6	3.8	16	557	73.1	12	532	94	100	79	21	61	467	7	75	22	1007	29	0				
CIS Ferrol	12.4	14.8	19.9	1	10.0	6.1	14	372	53.0	12	333	82	94	67	17	49	403	14	77	22	1007	30	0				
Corrubedo	12.1	14.57	17.5	1	9.6	4.8	16	309	37.5	22	277	89	96	75	22	53	509	16	90	14	1009	29	0				
Coruña-Bens	14.1	16.23	21.6	1	12.0	8.6	15	243	35.6	12	**	86	94	75	**	**	412	21	96	14	997	30	0				
Coruña-Dique	13.4	15.33	21.1	1	11.1	7.3	19	181	17.0	14	**	76	89	63	**	**	**	26	105	14	1009	29	0				
Coruña-Torre de Hércul	13.4	15.37	21.2	1	11.2	8.3	18	213	26.1	12	**	76	89	63	**	**	**	**	**	**	**	**	30	0			
**Costa	11.1	14.13	18.9	1	8.2	3.4	16	555	76.9	22	**	96	100	83	**	**	**	5	61	14	991	30	0				
**Coto Muiño	10.0	12.9	17.1	1	7.0	2.8	16	518	60.1	12	**	95	100	81	**	**	**	6	66	26	**	30	0				
Fontecada	9.6	12.16	16.9	1	7.2	3.1	15	561	87.0	22	532	87	92	76	17	49	416	15	102	26	969	30	0				
**Guísamo	11.3	13.99	20.9	1	8.9	5.6	16	397	46.3	12	**	83	91	69	**	**	**	4	53	14	990	30	0				
**Lesende	11.2	13.96	18.5	1	8.6	4.4	16	447	61.2	22	231	86	92	73	19	38	451	0	49	2	994	30	0				
Lira	11.5	13.56	17.2	1	9.0	4.9	18	315	26.5	22	83	88	99	75	--	--	525	28	123	14	**	29	0				
Mabegondo	11.4	14.49	21.8	1	8.5	3.5	19	355	47.9	22	103	92	100	76	17	15	473	10	78	2	999	29	0				
Malpica	11.8	14.1	18.3	1	9.4	6.3	7	224	30.8	12	192	89	99	74	22	63	472	32	124	14	991	30	0				
Marco da Curra	7.4	9.7	15.7	1	5.3	0.7	14	526	58.8	22	512	96	99	87	12	34	335	25	96	26	935	29	0				
Melide	8.5	11.6	16.6	1	5.7	0.4	18	488	44.3	12	471	96	99	85	13	37	349	9	72	3	958	30	0				
Muralla	8.1	10.39	15.6	1	6.1	1.7	15	627	85.6	22	615	99	100	91	16	46	361	26	114	14	935	30	0				
**O Val	12.3	14.75	20.4	1	9.9	5.4	19	355	54.5	12	**	83	93	69	**	**	**	8	70	14	1003	30	0				
Olas	9.1	11.95	17.1	1	6.7	3.1	14	519	58.8	22	499	95	100	81	16	46	413	14	82	26	**	30	0				
**Ordes	10.0	13.02	18.1	1	7.0	2.6	19	382	43.1	22	**	89	94	77	**	**	**	4	54	26	979	30	0				
**Paramos	9.7	12.44	17.2	1	7.5	3.5	16	553	56.2	1	**	98	100	89	**	**	**	8	50	30	971	30	0				
**Pazo de Galegos	10.7	13.79	17.9	1	7.9	3.2	16	276	25.0	22	254	97	100	86	20	57	436	3	52	26	985	28	0				
Punta Candieira	11.1	13.05	17.7	1	9.1	5.6	14	188	26.8	22	155	87	98	73	14	40	370	40	128	2	979	29	0				
Punta Langosteira	13.6	15.26	20.1	1	11.4	8.6	18	78	9.4	28	**	80	93	67	18	51	437	28	92	22	1008	25	0				
Río do Sol	8.3	10.73	16.1	1	6.1	2.1	15	537	65.4	22	523	98	100	89	16	46	381	23	101	14	948	30	0				
**Rus	11.4	14.34	20.4	1	8.5	4.4	20	442	51.1	22	**	92	99	78	**	**	**	5	55	1	995	30	0				
Sálvora	13.1	14.57	17.6	1	11.5	7.5	16	297	53.3	9	--	84	93	73	28	82	547	25	111	22	**	29	0				
Santiago-EOAS	10.2	12.8	17.6	1	7.9	3.3	16	411	38.7	22	389	93	98	80	16	48	397	13	99	26	982	30	0				
Santiago-San Lázaro	10.2	12.81	17.2	1	8.1	3.8	16	301	28.1	26	276	90	95	77	18	52	413	10	82	26	976	29	**				
Sergude	10.2	13.31	17.7	1	7.4	2.7	16	282	29.8	4	**	94	100	80	12	37	351	**	**	**	**	30	0				
Serra da Faladoira	8.0	10.33	16.3	1	6.0	1.9	14	613	73.7	22	598	97	100	86	14	40	376	26	112	2	943	30	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2019 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Lugo</b>																												
A Pontenova	9.3	12.28	19.9	1	7.0	2.4	14	386	48.8	15	**	89	100	73	12	35	351	25	115	26	**	**	**	**	29	0		
Abradelo	6.8	9.37	15.6	1	4.5	-0.2	15	444	36.6	14	**	91	98	79	9	26	328	**	**	**	**	**	**	**	30	1		
**Alto do Faro	6.5	9.12	14.9	1	4.1	-0.1	14	416	41.0	12	**	96	98	87	**	**	**	9	61	3	915	**	**	**	30	2		
**Alto do Poio	3.1	5.42	12.4	1	1.1	-2.5	15	659	67.9	12	**	97	99	92	**	**	**	10	76	26	**	**	**	**	30	12		
Ancares	3.0	5.38	12.1	1	0.9	-2.8	14	588	58.2	14	135	97	100	88	11	31	337	27	104	26	858	**	**	**	30	13		
**Borreiros	11.5	14.66	21.2	1	8.7	3.7	19	416	50.2	22	386	86	96	71	16	47	401	6	58	3	1002	**	**	**	29	0		
Bóveda	8.6	12.32	17.9	1	5.9	-0.2	19	282	32.8	12	58	92	98	77	16	44	432	6	59	3	962	**	**	**	30	1		
Burela	9.6	12.03	19.9	1	7.6	3.6	14	257	35.5	22	219	85	95	72	26	75	532	25	111	2	960	**	**	**	27	0		
Campus Lugo	9.1	12.52	19.4	1	6.3	1.3	19	304	32.0	22	281	94	100	75	19	55	449	6	55	4	964	**	**	**	30	0		
Castro R. de Lea	9.1	12.19	19.3	1	6.4	0.1	19	333	33.1	22	**	92	99	78	18	52	433	**	**	**	**	**	**	**	29	0		
Conchada	7.5	10.61	17.7	1	5.3	0.3	14	388	42.3	12	**	97	100	88	15	43	399	**	**	**	**	**	**	**	29	0		
Corno do Boi	7.1	9.52	15.3	1	5.0	0.6	14	550	59.2	22	535	96	99	88	13	37	354	21	91	14	**	**	**	**	30	0		
Cospeito	8.8	11.95	19.2	1	6.1	1.0	19	365	38.0	22	292	95	100	80	17	34	422	8	66	22	**	**	**	**	30	0		
Courel	6.3	9.08	15.6	1	3.9	-0.9	8	586	54.4	12	534	95	100	81	8	22	303	10	112	14	923	**	**	**	30	5		
Fontaneira	5.2	7.5	14.1	1	3.3	-0.9	15	609	52.6	12	422	97	99	90	10	26	302	27	127	3	898	**	**	**	30	5		
Foz	11.4	14.67	23.4	1	8.6	4.4	18	233	21.6	22	187	79	91	65	23	67	494	17	99	3	1001	**	**	**	28	0		
Fragavella	7.3	9.71	16.5	1	5.2	0.2	14	345	42.8	22	265	90	97	79	20	58	443	23	103	3	941	**	**	**	29	0		
Guitiriz-Mirador	7.2	9.66	15.5	1	5.1	0.6	14	521	58.2	22	506	97	99	88	13	38	347	14	76	3	931	**	**	**	30	0		
**Labrada	7.2	9.55	16.2	1	5.1	0.4	14	604	55.4	22	586	94	99	83	13	39	383	15	74	3	**	**	**	**	30	0		
**Lanzós	8.3	11.24	18.2	1	5.4	-0.1	18	401	43.8	12	**	93	98	82	**	**	**	2	40	19	955	**	**	**	29	1		
**Lourenzá	11.4	14.7	22.9	1	8.3	2.9	18	288	40.8	22	**	83	95	67	**	**	**	7	69	26	**	**	**	**	28	0		
Marroxo	8.2	10.93	17.5	1	5.9	0.6	14	191	22.2	22	170	92	99	80	14	41	379	14	81	26	938	**	**	**	29	0		
**Míllara	9.6	13.06	18.4	1	7.2	2.9	19	258	29.4	22	**	93	100	78	**	**	**	8	68	26	**	**	**	**	29	0		
Monforte	10.1	13.71	21.0	1	7.1	1.9	19	200	18.5	14	155	93	100	74	--	--	427	4	55	26	**	**	**	**	29	0		
**Morelle	9.1	12.31	20.1	1	6.1	-0.2	19	303	24.6	14	190	96	100	80	11	33	365	4	52	3	963	**	**	**	30	1		
O Cebreiro	2.9	5.38	12.5	1	1.0	-2.7	15	443	44.1	22	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	30	12		
O Xipro	6.5	9.23	16.3	1	4.4	-0.1	15	430	41.3	22	415	98	100	87	13	39	373	14	87	3	920	**	**	**	29	2		
**Olveda	7.6	10.51	16.7	1	5.0	0.3	19	362	36.5	12	340	93	98	81	14	42	437	6	52	22	**	**	**	**	29	0		
Pedro Murias	12.6	15.31	23.7	1	10.0	5.7	14	271	36.8	15	213	81	95	68	18	53	429	18	88	3	--	**	**	**	27	0		
Penedo do Galo	8.2	10.36	16.6	1	6.3	2.1	14	311	37.8	22	289	92	99	80	18	52	415	44	160	2	**	**	**	**	29	0		
Pol	7.3	10.02	16.6	1	5.0	-0.2	15	439	40.9	15	**	96	100	84	13	39	367	**	**	**	**	**	**	**	29	2		
Portomarín	9.0	12.07	19.2	1	6.1	1.8	16	276	24.6	22	**	95	100	79	12	35	382	**	**	**	**	**	**	**	29	0		
Riotorto	10.2	13.36	20.9	1	7.7	2.9	14	427	54.5	15	399	95	100	80	16	48	424	8	84	26	**	**	**	**	29	0		
Sambreixo	8.4	11.36	18.0	1	5.6	-0.1	18	440	70.6	22	**	95	99	83	16	47	401	**	**	**	**	**	**	**	29	2		
**San Clodio	10.0	13.3	21.6	1	7.5	1.9	19	258	31.8	12	**	94	100	77	**	**	**	2	44	3	982	**	**	**	27	0		
**San Fiz	9.4	12.59	19.3	1	6.9	2.6	14	222	22.8	14	196	91	98	76	18	54	466	5	47	26	966	**	**	**	29	0		
Santa Cruz	11.6	15.22	23.2	1	8.0	0.9	19	372	55.5	22	336	85	98	67	26	69	540	6	71	2	**	**	**	**	28	0		
Serra Vacaloura	6.8	9.32	15.3	1	4.7	0.0	14	387	35.1	12	357	99	100	93	15	35	390	22	101	22	**	**	**	**	30	1		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Ventosa	6.1	8.74	15.2	1	3.9	-0.2	15	438	34.6	5	300	91	98	81	11	29	316	20	99	26	906	29	3			
**Vilamor	11.4	14.53	22.2	1	8.2	2.0	19	312	41.5	15	272	78	88	63	18	52	430	8	61	26	**	28	0			
**Xabrega	10.2	13.5	19.5	1	7.5	2.5	19	237	27.9	1	208	88	96	73	14	41	432	6	71	26	974	29	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	5.4	8.16	15.2	1	2.9	-1.2	14	320	51.0	22	293	92	99	77	20	56	482	17	85	23	896	29	6				
**A Portela	9.6	13.02	21.4	1	6.9	0.3	19	293	41.6	12	265	87	99	69	15	43	407	7	70	26	**	28	0				
**A Trabe	7.4	10.48	17.2	1	4.9	0.5	16	239	41.0	22	213	89	96	74	23	69	498	5	45	26	923	25	0				
Alto do Rodicio	5.7	8.27	14.6	1	3.6	-0.4	14	398	54.0	12	386	98	100	90	9	27	318	17	88	26	900	30	3				
Amiudal	8.5	11.39	16.7	1	6.3	1.6	15	417	57.7	22	391	93	98	80	23	66	534	18	108	3	948	28	0				
As Petarelas	7.9	11.35	19.3	1	5.2	-0.3	19	325	41.3	12	**	90	99	72	20	57	484	**	**	**	**	28	2				
Baltar	7.3	10.75	17.4	1	4.0	-1.9	19	210	30.2	14	184	91	100	71	20	57	512	12	71	26	920	29	2				
Cabeza de Manzaneda	1.1	3.65	10.2	1	-1.1	-4.8	15	486	72.9	22	128	98	100	91	12	36	368	40	124	26	817	29	22				
**Calvos	6.6	9.53	15.0	1	3.7	-2.7	18	308	33.5	22	292	97	100	86	17	50	446	12	69	22	**	28	2				
Casaio	2.3	4.64	11.0	1	0.1	-3.8	15	206	22.6	12	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	**	29	18				
**Corzos	4.2	6.8	14.7	1	1.8	-1.6	15	271	29.1	12	**	95	98	86	**	**	**	12	58	14	**	29	10				
Entrimo	7.6	10.46	15.4	1	5.1	1.1	16	514	63.8	22	**	97	100	85	15	43	397	**	**	**	**	30	0				
**EVEGA Leiro	10.6	15.31	20.3	1	7.3	2.2	16	205	31.4	22	**	90	96	69	**	**	**	1	37	26	1000	28	0				
Gandarela	8.6	11.59	18.1	1	6.1	1.4	16	209	27.8	22	134	94	99	83	21	61	494	10	71	26	940	28	0				
Lardeira	1.5	3.91	10.5	1	-0.7	-4.4	15	181	17.7	12	50	98	100	92	7	13	313	38	140	26	831	28	19				
**Larouco	9.0	12.24	21.0	1	6.3	0.3	19	222	32.7	22	**	79	89	66	**	**	**	4	44	14	953	27	0				
Laza	8.2	11.72	19.9	1	5.7	-0.3	19	250	38.2	12	228	95	100	76	18	52	459	5	54	22	**	29	1				
Monte Medo	8.2	11.07	18.5	1	5.6	0.8	19	260	34.6	12	**	93	98	78	11	32	360	**	**	**	**	29	0				
O Invernadeiro	5.5	8.5	14.6	1	3.1	-1.9	19	535	65.7	22	514	93	99	79	17	51	442	11	86	3	895	30	4				
Ourense	11.0	14.85	21.5	1	8.0	2.2	16	149	17.6	22	**	84	94	64	**	**	**	**	**	**	**	28	0				
Ourense-Estacións	11.4	14.97	21.3	1	8.6	3.4	16	162	19.4	1	134	85	95	67	17	50	456	3	43	26	998	27	0				
**Pazo de Fontefiz	9.3	12.7	18.0	1	6.6	0.9	16	298	40.1	22	275	89	95	74	14	40	390	4	49	22	964	29	0				
**Ponte Boga	9.5	12.55	20.1	1	7.0	1.7	19	185	21.0	14	153	79	88	65	13	39	400	5	55	22	957	28	0				
**Prado	11.1	14.91	20.2	1	8.0	2.5	15	101	14.9	22	**	87	94	70	**	**	**	2	35	4	997	25	0				
Remuíño	10.7	14.85	19.7	1	7.4	0.7	16	277	35.2	22	71	91	97	72	15	44	438	5	50	14	**	30	0				
**Riós	6.8	9.87	16.3	1	4.5	-0.3	16	313	39.9	12	248	94	100	78	24	57	537	7	64	3	**	29	1				
San Xoán de Río	5.2	7.93	15.1	1	3.1	-0.7	19	322	40.3	12	308	96	99	90	12	37	370	21	93	3	895	28	6				
Serra do Eixe	4.2	6.75	14.4	1	2.1	-2.6	16	448	76.0	12	363	99	100	91	11	33	326	21	94	26	873	29	6				
Verín-Vilamaior	8.7	12	20.4	1	6.2	0.4	19	178	30.6	12	152	89	97	72	19	55	460	7	69	3	950	28	0				
Verín-Vilela	9.4	13.33	22.1	1	5.9	-1.8	19	128	19.1	12	99	88	98	68	22	65	508	5	58	3	**	26	2				
Viana do Bolo	6.9	9.87	17.4	1	4.2	-1.1	19	187	24.1	22	163	90	98	76	14	43	422	11	69	26	915	29	2				
Xares	0.8	3.16	10.2	1	-1.3	-5.1	15	233	35.2	12	55	99	100	96	14	40	402	--	--	--	817	29	24				
Xinzo	8.3	11.41	18.5	1	5.1	-0.9	19	169	19.8	12	123	93	100	78	20	60	491	12	68	26	940	29	2				
Xurés	5.8	8.63	14.0	1	3.6	-0.4	15	495	53.8	1	480	96	100	85	14	40	402	24	105	22	892	29	4				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2019 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
**A Armenteira	10.1	12.85	16.6	1	7.0	1.0	16	468	63.6	12	346	93	99	80	18	44	445	7	56	22	**			28	0		
A Granxa	11.2	15.09	20.3	1	7.7	0.0	15	426	61.6	12	381	92	98	74	20	48	447	4	57	14	1013			28	0		
A Lanzada	12.0	14.77	18.2	1	8.9	3.2	16	322	40.8	9	292	91	98	77	24	70	504	16	85	26	**			29	0		
**Areas	11.3	14.97	18.8	1	8.0	2.0	15	462	38.4	22	**	93	97	80	**	**	**	1	29	26	**			27	0		
**Areiro	11.8	14.74	19.3	1	9.1	4.0	16	321	52.0	12	**	89	96	74	**	**	**	3	52	14	1004			27	0		
**As Eiras	11.8	15.1	19.1	1	8.5	1.5	16	373	49.0	9	206	93	99	77	20	26	501	4	47	3	1010			29	0		
Atios	11.7	15.49	20.8	1	8.1	1.0	15	420	51.5	12	395	94	100	76	21	54	470	5	61	26	**			28	0		
Baiona	13.3	15.57	20.1	1	10.2	4.8	16	286	32.3	9	253	90	99	75	22	64	503	13	86	14	**			27	0		
**Barrantes	11.9	14.82	18.5	1	8.6	3.0	16	375	48.9	12	--	--	--	99	--	--	--	--	--	--	**			30	0		
Cabo Udra	12.5	14.62	18.4	1	10.3	6.2	16	278	38.4	9	--	86	93	74	24	69	505	21	108	14	**			27	0		
Caldas de Reis	10.4	13.03	17.4	1	8.3	3.7	16	471	64.5	12	449	93	98	81	15	45	401	7	78	26	981			29	0		
**Camanzo	10.8	13.82	18.5	1	8.0	3.2	16	305	30.2	22	235	90	96	77	20	57	469	7	77	26	987			29	0		
Cangas-Porto	12.8	14.93	18.4	1	10.4	5.1	16	280	38.4	12	**	83	93	68	**	**	**	10	91	14	**			27	0		
Castro Vicaludo	9.8	11.97	16.6	1	7.7	4.2	15	285	30.4	9	265	95	99	84	19	57	432	25	109	26	957			28	0		
Castrove	9.1	11.41	15.9	1	7.0	2.8	15	674	89.7	12	659	97	100	88	10	29	325	8	64	14	961			29	0		
**Cequeliños	10.7	13.9	18.7	1	8.0	1.3	16	377	47.8	12	352	92	99	75	14	43	428	8	71	26	**			27	0		
Corón	12.8	14.88	18.7	1	10.6	5.7	16	310	42.8	12	267	84	94	70	23	68	496	16	83	14	1011			29	0		
**Entenza	11.1	14.67	19.9	1	7.8	1.8	15	360	35.4	22	337	95	100	80	17	51	434	1	59	26	**			27	0		
Forcarei	7.8	10.35	15.6	1	5.7	1.2	15	670	69.3	22	618	99	100	94	14	41	388	21	91	26	**			30	0		
Fornelos de Montes	7.8	9.99	15.7	1	5.7	0.8	15	732	79.8	22	718	98	100	90	13	39	375	20	92	26	931			30	0		
Gargamala	10.5	13.63	18.1	1	7.9	2.3	16	516	64.1	12	446	96	100	83	19	49	434	6	72	22	**			28	0		
Illas Cíes	12.9	14.8	17.9	1	10.9	6.9	16	273	32.6	9	238	88	97	75	26	77	533	17	90	22	**			27	0		
Lalín	8.2	10.8	16.3	1	5.9	1.3	15	331	31.2	22	**	95	100	82	**	**	**	12	96	14	**			29	0		
**Louredo	10.5	13.56	18.1	1	7.9	2.6	16	420	53.0	12	**	--	--	88	**	**	**	--	--	--	--			29	0		
Lourizán	11.8	14.81	19.4	1	8.9	3.0	16	383	56.0	12	360	94	100	79	17	51	435	4	62	26	1007			28	0		
**Meder	11.2	14.56	18.7	1	8.2	2.6	16	350	42.6	12	**	86	93	72	**	**	**	2	41	26	996			28	0		
Monte Aloia	9.1	11.78	16.5	1	6.8	1.4	15	553	60.3	22	538	99	100	92	14	40	365	10	78	26	957			27	0		
O Viso	10.4	13.84	17.5	13	8.0	3.2	16	469	70.6	12	367	93	98	81	18	41	393	11	82	26	981			29	0		
Ons	12.1	14	17.4	1	10.1	6.0	16	312	34.6	9	202	90	98	79	26	56	518	24	104	14	998			27	0		
**Pé Redondo	11.3	14.21	18.3	1	8.7	3.2	16	362	44.6	12	--	93	99	81	--	--	--	1	32	4	**			30	0		
Pereira	7.7	10.08	16.6	1	5.8	0.9	15	548	55.5	22	**	--	--	--	--	--	--	**	**	**	--			30	0		
**Ponte Caldelas	9.8	12.44	17.1	1	7.1	2.0	16	553	58.5	12	458	90	95	79	15	32	395	11	73	26	971			29	0		
Pontevedra-Campolongo	12.1	15.73	19.8	1	9.1	3.6	16	427	69.0	12	**	92	100	72	**	**	**	4	67	26	**			29	0		
Porto de Vigo	12.8	15.5	19.9	1	10.2	3.6	16	295	39.7	22	--	86	96	72	--	--	555	17	88	3	1013			29	0		
Queimadelos	9.6	12.13	17.3	1	7.5	3.0	15	440	49.2	12	--	95	98	89	2	6	252	--	--	--	970			28	0		
Rebordelo	9.3	12.51	17.0	1	5.8	0.5	16	705	87.8	12	**	99	100	89	14	40	371	**	**	**	971			29	0		
San Nomedio	8.1	10.48	15.4	1	6.3	1.4	15	364	52.2	12	--	97	100	91	--	--	487	18	107	14	**			27	0		
Sanxenxo	12.3	14.96	18.0	29	9.9	4.6	16	331	36.4	12	302	85	95	69	21	61	431	6	70	26	1009			28	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra do Faro	5.5	8.05	15.2	29	3.6	-0.6	15	384	46.8	22	295	98	99	95	10	25	338	25	97	14	898	30	5			
**Simes	11.6	14.82	18.2	3	8.5	2.9	16	391	47.6	12	**	91	98	76	21	33	512	**	**	**	**	29	0			
**Soutomaior	11.3	14.16	18.3	1	8.8	3.8	16	430	55.0	12	**	84	91	71	**	**	**	3	46	26	993	29	0			
**Torrequeintáns	12.0	15	19.0	1	9.0	3.5	16	301	36.8	12	191	92	99	78	19	54	448	7	78	26	1004	28	0			
**Tremoedo	11.6	14.61	18.1	1	8.7	3.4	16	288	36.6	12	**	89	97	73	**	**	**	3	53	22	1005	30	0			
Vigo	12.0	14.79	18.9	1	9.6	3.9	16	305	40.1	12	**	87	96	73	**	**	**	**	**	**	**	28	0			
Vigo-Campus	9.8	11.95	16.9	1	7.9	3.5	15	446	66.7	12	396	94	99	82	22	58	481	9	81	22	959	27	0			
Xesteiras	7.1	9.5	15.6	29	5.1	1.1	15	562	76.5	1	**	99	100	94	**	**	**	27	116	26	**	30	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.